

Foto-memoria dunha vila (II)

XESÚS TORRES REGUEIRO*



VISTA AÉREA

Ninguén ollara endexamais así Betanzos ata entón. A ollo de paxaro. Unicamente podería semellárselle unha ollada dende a montería máis elevada das que rodean a vila. Mais nunca tan dende arriba. Apréciase ben a Ponte Vella sobre o Mandeo, a disposición das rúas, as torres das igrexas, ó fondo as instalacións da “usina” da luz eléctrica e máis á dereita o xardín recién creado.

Mais dende arriba a vila fica un chisco aplanada, non dá tanto a sensación de acrópolis como vista dende outra perspectiva, a ras de chan, máis humana. Estamos diante (tal como explicaba o seu pé cando se publicou) da primeira vista aérea da vila, tomada o dezaioito de agosto de 1934.

Os romeiros que andaban a embarcar para os Caneiros ficarían pampos e suspensos diante do ruído producido por aquel aparato a sobrevoar por enriba das súas testas. Moitos mesmo ficarían atemorizados e algúns máis lidos e con memoria lembrarían o vó glorioso a través do Atlántico dos aviadores Franco, Rada e Ruiz de Alda uns anos antes, a bordo daquel artefacto con nome imperial, “Plus Ultra”, recibido polos galegos de

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, mestre de EXB e escritor.

Arxentina co berro trunfal de “Franco noso, noso...” para curar agravios pasados da colonia emigrante.

Hoxe sonnos familiares as fotografías aéreas da cidade. Antes do fenómeno da aviación a única maneira de imaxinarse unha ollada así de Betanzos sería dende un globo, tal o dos irmáns Montgolfier, ou mesmamente -aínda que un pouco máis complicado- dende a barquiña do globo de San Roque, mais non creemos -de existir tal atrevido- que don Claudino deixase a alguén subir nela. Messieurs Montgolfier só sobrevoaron -e non foi pouco- os campos da dóce Francia e o alcumado “Le Cadet”, por máis novo, se estivo en Betanzos (da man da pluma e da imaxinación de Cunqueiro) non foi para sobrevoalo co seu aerostato, senón para olla-la ascensión do globo sanroqueño ó tempo que degostaba o noso viño cadete na compañía de don Alvaro.

RÚA DE SAN FRANCISCO

Rúa de San Francisco ou de Ana González (por capricho de indiano benefactor e amante) para baixar á Ribeira e ó Arco da Ponte Nova ou subir a Santa María e á Rúa Travesa. Boa de baixar, mellor de subir que a dos Ferreiros ou dos Prateiros, que por algo a estas se lles chama costas.

Beirarrúas que semellan noviñas, de obra nova. Amplísima a dos frades con arboriñas recén prantadas. Método e racionalismo no desagraciado edificio da residencia franciscana construído no 1914, logo destruído xunto coa igrexa no incendio do trinta e seis e reconstruído de novo con outra disposición. ¿Que querían facer con esa árbore do xardín conventual que semella talmente a arboradura dun barco?

Destaca ó fondo a casa Etcheverría, de tipoloxía afrancesada, máis despexada que hoxe. E en primeiro plano ese magnolio xigantesco xa desaparecido (quizais irmán do que aínda terma de pé no adro de Santiago) a dar sombra a esa vendedora, ambulante ou



fixa, onde anos despois sería tenda, na esquina da praza hoxe bautizada de Fernán Peres e en tempos alcumada como praza do Fona.

Unha moza vai airosa costa arriba, semella que con roupa de domingo ou que é ela “señorita”, con présa, quizais para chegar á misa ou á novena na viciña parroquial de Santa María, ou para algún encontro amoroso. Calquera sabe..., as dúas cousas poden ser, que mentres atende ós misterios e gozos do rosario está pendiente da ollada furtiva e gozosa dese galán que hai tempo quere e non se atreve.



RAIOLA NO TEMPLO

Estase ben así na igrexa do Azougue, en silencio, co templo baleiro, ollando esas raiolas que penetran no escuro, tamizadas pola vidrieira. Pensa un neses raios de luz que saían do inxenuo e infantil ollo de Deus triangular debuxado nas historias sagradas. Quizais foi esa luz a que quixo retratar o fotógrafo adrede.

A disposición do altar fálanos de ritos pre-Concilio Vaticano II: ceremonial en latín litúrxico, oficiantes de costas ó pobo (hoxe, aínda de fronte, moitos seguen de costas e se deixaron o latín romano non por iso adoptaron o latín gallaecico), barandilla separadora entre os fieis e o oficiante. Logo o púlpito, co sombreiro maxestuoso, dende onde se botaban os sermóns imprecatorios e graves, nos grandes momentos do ano litúrxico e nos novenarios, a cargo de severos oradores foráneos, e as homilias de cotío, máis domésticas e familiares.

Son momentos bos estes, na hora máxica, para estuda-la crucería da bóveda absidal, a heráldica e simboloxía andradina a presidir ben altas o arco central, o lixeiro desplome da arquería das naves, ou o retablo barroco engarzado coa xoia das táboas flamencas (expoliadas pola codicia e felizmente recuperadas).

No centro do retablo preside a Virxe maxestuosa no seu camerín, unha desa imaxes de medio corpo, para vestir, de cara fermosa e branquísima, como de nacre. A esta o raio de luz non lle da directamente como a aqueloutra que anda nos beizos do pobo:

*“Á Virxe de Guadalupe,
quen a puxo moreniña
foi un raiño de sol
que entrou pola ventaiña.”*

CARPINTEIROS DE RIBEIRA



Chegaron polos anos cincuenta e instaláronse no Peirao, beira do Mendo. Traían a memoria e a sabiduría dos vellos estaleiros da ría: aínda Astano non era o que foi, mais xa había anos que a ría ferrolana era unha universidade da construción naval. Estaleiros de A Graña, Bazán, pequenas carpinterías de ribeira en Maniños, Barallobre...

Chegaron de Perbes cando o século mediaba. Eran os Bedoya, apelido de raíces cántabras, que abrían no 1951 a súa carpintería de ribeira, primeiro na zona onde aquel mesmo ano se ían construír as “casas baratas”, e logo máis próximos ó Peirao, nun sitio que nós chamabamos -non sei por que razón nin se o saberá alguén- O Gurugú, pronunciado coa nosa geada rotunda e sonora.

A xente deu en chamarlles “os dos Botes”. Mais non só botes, tamén bucatas e pequenas motoras. E barcos de cabotaxe, lanchas de pasaxe, pesqueiros, todos con casco de madeira, feitos ó aire libre que non cabían no galpón, empezaron a saír do pequeno estaleiro familiar dos Bedoya. Lanchas de pasaxe para a travesía entre A Coruña e Santa Cruz. E os máis grandes, os de cabotaxe: Primeiro foi o “Pepito Luis”, e seguírono outros como o “Ciudad de Sada”, de 400 toneladas -o maior que saíu das mans dos Bedoya-, o “Río Mandeo”, de 300 toneladas, e o “Santa Paulina”. Foron dez anos de intensa actividade que rematou no 1961, cando trasladaron o seu obradoiro a Pontedeume, a carón da outra ponte, a de ferro.

Agora ollamos esta foto de Gabín e lembramos todo aquilo cunha certa nostalxía e a imaxe daqueles enormes costelares a tomar forma, da viruta e do serrín e os cheiros a brea. Velaí o “Río Mandeo”, recién botado do pequeno estaleiro do Gurugú, aproveitando a maré viva, sulcando as augas do río Mendo. Realmente curioso: O Mandeo cabalgando sobre o Mendo. Un Mendo que, con toda a preamar, resulta pequeno para semellante cascarón. Un Mendo máis propio para botes pequenos e bucatas e, se acaso, para algún lanchón da area, cando o Peirao aínda non tomara a súa fisonomía civilizada e de modernidade de hoxendía. En primeiro plano óllanos, dende o seu bote, o inconfundíbel Juan “O Xanocas”, quizais sorprendido polo fotógrafo. Boina calada, chaquetón mariñeiro, xerseí goso que se hai que gardar das humidades. A súa é unha expresión de serenidade, rostro curtido de vello labrego-mariñeiro afeito a andar no río.

Vese movemento nos arredores do improvisado dique, cos nenos curiosos ou a buscar algo. Cada lanzamento ou botadura dende as modestas grades do pequeno estaleiro dos Bedoya era todo un acontecemento para estes nenos do Peirao. E non só a botadura, senón tamén todo o proceso. Ollar como medraba o barco de vagariño, de primeiras apenas as costelas do seu esqueleto, logo o corpo recobríndose e tomando forma, despois os últimos retoques e o pintado. E, por último, a súa botadura, que é tanto coma o bautismo de auga, nunha operación que, se non se podía comparar ás dos petroleiros saídos dos estaleiros ferroláns, tiña todo o encanto e a ledicia dunha promesa feita realidade. A “viúva do mar”, que alguén chamou a Betanzos, enviaba ó encontro do mar que perdera aqueles barcos dos Bedoya, quizais para cura-las saudades dun vello e inescible amor.

CASA ANTIGA

Número dous da rúa Roldán, fotografada como un monumento máis da vila e publicada con pé en cinco idiomas (casa antigua, old house, casa antiga, altes hause, maison antique). A foto co pé plurilingüe, e un pouso de melancólica lembranza quizais, foi o que quedou.

Decía a Pardo Bazán, e deixouno escrito en plena febre e praga de ensanches e reconstrucións finiseculares, que en Betanzos habería que obrar ó xeito antigo, respetando a rica orixinalidade e a variedade das vellas moradas, fosen pazos señoriais ou modestas casas artesás. E poñía o exemplo do Nuremberg decimonónico para os papanatas que sempre acreditan no foráneo. Os de Roldán 2, e outros moitos, non leron -nin tiñan sensibilidade para entendela- esa páxina de dona Emilia reproducida repetidamente en anuarios brigantinos e programas de festas, e lonxe de conservar o antigo, destruírono.

¿Cantos días, cantos meses, canta sabiduría foron precisos para tallar esa porta? ¿Canto tempo levaría esculpir esa pedra, asentar eses sillares, mesmo debuxar a gracia voladiza e transparente do ferro forxado? ¿Cantas xeracións non costaría chegar a esa perfección no trata-



mento da pedra, da madeira, do ferro!... Como para que veña un insensible e da noite para a mañá derrube todo e erga no seu solar un mamotreto triste e sen gosto (¿como o ía ter no edificio novo se non o tivo para o vello!), envolto en azulexo de mosaico fúnebre. O mesmo Pazo Consistorial avergónhase de semellante veciño que lle saiu á beira e treme de ira por tódolos seus poros lembrando aqueles seus inquilinos doutro tempo, que permitiron tal falcatruada no propio corazón da cidade. Altes Haus in der Roldanstrasse. ¿Que mágoa! ¿Como se dirá en alemán semellante delicto? Ten que soar tremebundo.

TRÁFICO NO ARCO

Arco da Ponte Nova, un dos tres conservados da vella muralla, pese ós continuados intentos de derribo no pasado século por parte dos que enchían a boca co “progreso”.

¿Que instante de vida captou o fotógrafo! Hoxe o arco non é só as pedras ben dispostas, peza maior do noso patrimonio, que trazou un Silvestre Concheiro no albor do XVI. Hoxe o protagonista é a vida cotiá, vida labrega que xa desapareceu entre muros: os froitos da terra agardando consumidores e o esterco saíndo para abonar a terra que dará novos froitos. Unha escena que, se para a xente moza pode semellar doutro século, moitos aínda lembrarán como algo normal e cotiá.



O vello carro do país, coa xugada de bois cornilongos, chegaba para saír á Ponte Nova, quizais cara as leiras do Carregal ou da montería de San Pedro. E o fotógrafo agardou o momento xusto en que dobraba o arco para captar a manobra en toda a súa intensidade.

O home, como un director de orquestra, batuta-aguillada en alto, abrindo a marcha no intre difícil de virar para franquea-lo arco. Toda unha arte mil veces repetida sen

rozar endexamais cos muros, se acaso algunhas lapas de esterco apegadas ás vellas pedras, que tamén os monumentos teñen que saber das cousas da vida e dos trafegos cotiáns.

E elas nos postos improvisados -apenas un banco coa paxeta enriba e unha banqueta-. Elas de conversa, que non hai venda, alleas ó que sae polo arco, que non as inqueda siquera a posibilidade dun tropezo que lles poida botar por terra a froita tan ben colocadiña nas cestas.

Sempre foi este -como tódalas portas da cidade- bo sitio para vender calquera cousa. Uns a entrar, outros a saír, malo será que algo non caía. □

